



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se ditan disposicións de desenvolvemento da Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de viaxeiros en augas interiores de Galicia
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra Nova Infraestrutura Viaria Costa da Morte. Vía de Alta Velocidade Carballo-Berdoias AC/06/140.01.75

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1 b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na orde pola que se determinan as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación no ámbito do tratamento informativo da violencia de xénero en Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Pontevedra, para o financiamento da redacción da "Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Pontevedra"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e o Concello de Dumbría, para a mellora da seguridade viaria e beirarrúas en Ézaro





CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria para levar a cabo a convocatoria de axudas para o ano 2008 da liña de incorporación Estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación da actividade investigadora da Comunidade Autónoma de Galicia con destino ao sistema público de investigación e desenvolvemento

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia ao Concello de Carballo, para a execución da obra: “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais en Baldaio. Carballo (A Coruña), clave 0H.315.793, polo importe de dous millóns oitocentos mil setenta e oito euros e oitenta e un céntimos (2.800.068,81 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Lugo, para a posta en marcha e funcionamento dunha escola de pesca en Lugo, por importe de douscentos mil euros (200.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Brión, para adecuación, selado e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, por importe de cento cincuenta e sete mil setecentos vinte euros con corenta e nova céntimos (157.720,49 euros)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Castro Caldelas, para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, polo importe de douscentos quince mil oitocentos sesenta e seis euros con oitenta e dous céntimos (215.866,82 euros)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Baralla, para a clausura, selaxe e rexeneración do vertedoiro municipal, polo importe de douscentos corenta e dous mil seiscentos sesenta euros con dous céntimos (242.660,02 euros)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Vimianzo, para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, polo importe de cento vinte e tres mil setecentos cinco euros con un céntimo (123.705,01 euros)



- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Montederramo, para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, polo importe de cento doce mil seiscientos noventa e un euros con corenta e seis céntimos (112.691,46 euros)

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer, na orde pola que se convocan, para o ano 2008, subvencións para o financiamento dos plans de formacións intersectoriais, dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados, mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, anticipos superiores ao 10% do importe das subvencións, no momento de súa concesión, e compromisos de gastos de carácter plurianual

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual, relativo a áreas de rehabilitación de centro histórico e integral, addenda e reaxustes de anualidades e unificación dos acordos referidos aos obxectivos 2005, 2006 e 2007 referidos a 31 concellos en que están declaradas 37 áreas de rehabilitacións
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Gondomar, para executar as obras de reurbanización das beirarrúas da rúa das Ánimas no núcleo urbano de Gondomar



A XUNTA REGULA O TRANSPORTE MARÍTIMO PARA QUE A LIBRE COMPETENCIA SEXA COMPATIBLE CUN SERVIZO PÚBLICO ESTABLE E DE CALIDADE PARA A CIDADANÍA

- ***O Consello da Xunta aproba o Decreto que establece o funcionamento do rexistro de empresas operadoras***
- ***O transporte marítimo poderá participar no transporte metropolitano, co que se coordinarán a intermodalidade e a bonificación das tarifas aos usuarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto sobre a prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia e co que se desenvolven as previsións contidas na Lei 2/2008, do 6 de maio. Esta lei determina a prestación dos servizos marítimos facendo compatible a libre competencia requirida pola Unión Europea coas demandas e necesidades dos usuarios e coa protección do ambiente, especialmente en lugares con aforo limitado como o Parque Nacional das Illas Atlánticas. O decreto aprobado hoxe, que entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, establece a obriga de inscribirse nun rexistro para as empresas interesadas en prestaren os servizos, habilita medios de fomento de novos servizos de transporte público e regula o transporte a espazos protexidos.

Segundo o decreto, para poder realizar servizos de transporte marítimo de viaxeiros/as por augas interiores de Galicia será necesaria a previa inscrición da empresa operadora e das condicións en que se desenvolverá o servizo nun rexistro que será xestionado pola consellería competente en materia de transportes (na actualidade a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes) e no cal se detallarán as seguintes características:

- Percorrido, coas localidades e portos de saída e chegada, así como os posibles destinos intermedios.
- Horarios, precisando as horas de saída e as previsibles horas de chegada así como as posibles expedicións excepcionais fóra dos horarios indicados.
- Período de prestación, cos días concretos e indicando o seu carácter laborable ou festivo.
- Buques e as súas características, coa denominación, matrícula e capacidade.
- Condicións económicas, coas tarifas que serán cobradas aos viaxeiros e facendo constar a existencia de bonos que inclúan varias viaxes ou descontos.
- Condicións técnicas, onde se indicará a habilitación da empresa para realizar o transporte e a idoneidade do buque, o que se acreditará coa seguinte documentación:
 - Inscrición no Rexistro de buques e empresas navieiras.
 - Acreditación da dispoñibilidade de embarcacións que reúnan as condicións requiridas pola lexislación vixente para o transporte de viaxeiros indicando os medios de acceso para persoas de mobilidade reducida.



- Xustificación de que o buque ten todos os certificados en vigor e está clasificado para a zona de navegación correspondente.
- Copia da solicitude de autorización de atracada presentada ante as administracións portuarias correspondentes.
- Xustificante de estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Modificacións dos servizos

As modificacións ou supresións de servizos deberán ser notificadas ao rexistro cunha antelación mínima dun mes. A CPTOPT acordará a “non-procedencia” das modificacións cando se incumpra o compromiso voluntariamente asumido polo operador de non alterar a súa oferta durante un prazo determinado, cando non xustifique a idoneidade dos medios ofertados ou incorra en prácticas contrarias aos dereitos dos usuarios. Ademais, os cambios unicamente poderán ser aplicados unha vez que transcorran sete días desde que a empresa anuncie ao público as ditas modificacións tanto nos locais de venda de billetes como nas embarcacións. As empresas responderán polos danos causados como consecuencia do incumprimento das condicións do servizo.

A inscrición no rexistro terá carácter indefinido e a CPTOPT verificará periodicamente que o servizo se presta nas condicións inscritas. Ademais, os operadores deberán actualizar anualmente a información que consta no rexistro presentando a documentación acreditativa de que seguen a cumprir cos requisitos previstos para a súa inscrición inicial.

Fomento de novos servizos de transporte público

O decreto aprobado hoxe tamén contempla un capítulo destinado ao fomento de novos servizos de transporte marítimo. Segundo se indica, poderanse establecer “réximes de axudas destinadas aos usuarios/as a fin de fomentar a utilización dos servizos, propiciando deste xeito o establecemento de novos servizos de transporte marítimo”. Estas axudas terán en consideración a posible afectación a outros modos de transporte, estableceranse con publicidade e poderán ser subvencionados os servizos de calquera armador inscrito no rexistro.

Ademais, os servizos de transporte marítimo que se presten en contornos metropolitanos poderán optar por participar no sistema de transporte público coordinando modos de transporte e de bonificación das tarifas aos usuarios en condicións semellantes ás que operen para o resto de servizos de transporte de dita área.

Transporte a espazos protexidos

No caso das empresas que queiran realizar servizos a espazos naturais protexidos, o decreto establece que deberán levar a cabo polo menos unha viaxe diaria de ida e volta durante o período solicitado. Tamén deberán contar cunha certificación do organismo xestor do espazo protexido na cal se fará constar que o operador está en condicións de cumprir coas especificacións establecidas por eses organismos. Ademais, o organismo xestor do espazo protexido poderá instar a cancelación da inscrición no rexistro das



operadoras que incumpran ditas especificacións operacionais. Os servizos aos espazos protexidos tamén deberán respectar as limitacións fixadas do número de visitantes.

Para xestionar os accesos aos espazos protexidos, os órganos xestores de ditos espazos establecerán un sistema electrónico de expedición de reservas de acceso. Deste xeito, o billete que expida o operador ao usuario servirá como reserva para o acceso ao espazo protexido. Os operadores serán responsables de que os usuarios que empreguen o servizo de transporte non superen a cota máxima de reservas establecida.



O GOBERNO GALEGO AUTORIZA O INICIO DAS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE (CARBALLO-BERDOIAS)

- ***O Consello dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para acometer as obras deste tramo da nova infraestrutura viaria da Costa da Morte, na cal se investirán un total de 340 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de utilidade pública e dispuxo a urxente ocupación dos terreos necesarios para que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometa as obras de construción da autovía Carballo-Berdoias, de 42,4 quilómetros de lonxitude, pertencente á que será a nova infraestrutura viaria da Costa da Morte. Con este trámite iníciase o proceso de expropiacións dos 1.955 predios afectados pola construción dunha autovía na que a CPTOPT investirá 249 millóns de euros.

Esta autovía totalmente gratuíta para os usuarios forma parte da nova infraestrutura viaria da Costa da Morte que acadará un investimento total de 340 millóns de euros. Esta vía de altas prestacións garantirá a accesibilidade e a mobilidade para todos os concellos que integran as comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra e permitirá que os seus cidadáns dispoñan dunha infraestrutura de comunicacións segura e con capacidade para absorber os tráfico xerados.

Ademais, co obxecto de cumprir co compromiso de articulación do territorio e que os cidadáns da Costa da Morte contan cunha infraestrutura axeitada para o presente e para o futuro, a Consellería de Política Territorial reformulou o proxecto do anterior executivo (un compendio de tramos carentes de homoxeneidade) co fin de garantir a fiabilidade de toda a vía e dotala de mellores condicións de seguranza.

Deste xeito, agora faise unha vía de nova construción e todo o seu percorrido de 71 quilómetros desde a autoestrada A Coruña-Carballo ata Cee e Fisterra. O tronco principal da nova infraestrutura da Costa da Morte ten unha lonxitude de 50,4 quilómetros entre Carballo e Cee, dos cales o 84 por cento do percorrido (os 42 quilómetros entre Carballo e Berdoias) terán características de autovía, é dicir, con dous carrís por sentido separados por unha mediana. A infraestrutura complétase coas variantes de Cee-Sardiñeiro (xa en execución), Cee-Brens e a circunvalación de Carballo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN DECRETO PARA REGULAR DE FORMA ESPECÍFICA O PROCESO DE INVENTARIADO DE BENS PATRIMONIAIS

- ***O decreto sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia será unha ferramenta legal que fará máis áxil o procedemento de inclusión dun ben no inventario***
- ***Esta medida forma parte do obxectivo da Consellería de Cultura de mellorar nesta lexislatura o marco normativo da protección do patrimonio***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, o primeiro regulamento que servirá de ferramenta normativa específica para o recoñecemento de elementos patrimoniais como bens inventariados. A Consellería de Cultura axilizará o procedemento de inclusión no inventario dos bens patrimoniais.

O decreto hoxe aprobado desenvolve a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 1995. A categoría de ben inventariado é a máis básica das categorías de proteccións de bens culturais, que complementa a de ben de interese cultural (BIC) e a de ben catalogado. O procedemento para estas dúas últimas categorías xa se recollía na lei de 1995, pero non así a inclusión dun ben no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, que ata agora se rexía polas normas xerais do procedemento administrativo común.

Con este novo decreto concrétase un proceso específico, adecuado para o traballo con bens patrimoniais, o que permitirá axilizar os procedementos. O decreto establece un modelo de ficha cos datos que deben incorporar os bens, en relación coas súas características, a súa situación xurídica e a documentación gráfica que o debe acompañar.

O Inventario xeral vaise estruturar, a efectos xurídico-administrativos, en tres seccións: patrimonio inmovible, moble e inmaterial. En cada unha delas incorporaranse, ademais dos bens inventariados, os catalogados e os declarados de interese cultural (BIC).

A aprobación deste decreto é un novo paso no traballo que esta a levar a cabo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para mellorar o marco normativo que rexe a política de conservación e protección patrimonial do país, no que se enmarcan medidas como impulsar a primeira Lei de Arquivos de Galicia, cuxo anteproxecto foi aprobado o pasado mes polo Consello da Xunta, e a Lei de Museos de Galicia, na que se traballa na actualidade. Tamén se reactivaron instancias previstas legalmente, como a Comisión Técnica de Etnografía.



A XUNTA CONVOCA BOLSAS DE FORMACIÓN NO ÁMBITO DO TRATAMENTO INFORMATIVO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de tres bolsas para formación de licenciadas e licenciados en xornalismo ou comunicación audiovisual dotadas cun máximo de 13.500 euros cada unha***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se determinan as bases da convocatoria pública de tres bolsas de formación no ámbito informativo da violencia de xénero.

A través destas bolsas, dirixidas a licenciados en xornalismo ou comunicación audiovisual, a Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende contribuír á formación nas técnicas de redacción xornalística non sexistas e orientadas á sensibilización, así como á adquisición por parte das e dos profesionais de coñecementos sobre o tratamento axeitado das informacións sobre violencia de xénero mediante a realización dun período de formación teórico-práctica que se desenvolverá en colaboración cos medios de comunicación galegos.

O orzamento dedicado a estas tres bolsas ascende a 40.500 euros, cun máximo de 13.500 para cada unha delas, e a duración das actividades formativas será de doce meses. O programa de formación desenvolverase en dúas fases, unha primeira de teórica que consistirá na realización dun curso de 20 horas de duración titorizado por unha persoa experta na materia, e unha segunda de práctica nos medios de comunicación con que a Vicepresidencia alcanzase acordo de colaboración. Durante esta fase, as bolseiras e bolseiros contarán co asesoramento, orientación e dirección de dous titores ou titoras, por parte do medio de comunicación e da Secretaría Xeral da Igualdade.

O prazo para a presentación das solicitudes e da documentación indicada nas bases da convocatoria será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para a avaliación das solicitudes admitidas constituirase unha comisión integrada por representantes da Secretaría Xeral de Igualdade. A selección realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados conforme un baremo en que se contan o expediente académico, os coñecemento da lingua galega e de idiomas oficiais da Unión Europea, e os coñecementos das ferramentas informáticas habituais no traballo xornalístico.

Poderán solicitar estas bolsas as persoas con título de licenciatura en xornalismo ou comunicación visual obtido no ano 2003 ou con posterioridade, que acrediten estar en situación de desemprego ou solicitude de mellora de emprego.



O GOBERNO GALEGO COLABORA CO CONCELLO DE PONTEVEDRA NA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

- ***A Consellería de Política Territorial financiará con 558.400 euros o 50 por cento do custo dos estudos, que permitirán a adaptación do PXOM á lexislación vixente***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Pontevedra para a redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade para adaptalo á lexislación vixente.

Ao abeiro deste convenio de colaboración a Consellería de Política Territorial financiará os traballos de redacción do PXOM a través dunha achega de 558.408 euros (o 50 por cento do custe total estimado) repartida en catro anualidades.

O convenio, que será asinado proximamente, responde á necesidade de que a cidade do Lézez conte cun novo plan xeral adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sustentable e contribuír ao progreso económico e social de Pontevedra e da súa área de influencia. A finalidade última é que o Concello de Pontevedra –e polo tanto, todos os cidadáns– dispoña dun documento de planeamento urbanístico municipal axustado ás súas necesidades e conforme a lexislación vixente en materia de solo para convertelo nun instrumento de referencia no desenvolvemento da cidade, das súas dotacións e dos sistemas xerais

Este convenio enmárcase dentro dos plans da Consellería de Política Territorial para ofrecer apoio de carácter técnico e económico a todos os concellos co fin de adaptalos á normativa vixente e que se materializa en liñas de axudas non competitivas que poden acadar ata o 100% do custo no caso dos municipios de ata 50.000 habitantes, e en convenios de colaboración específicos cos de máis de 50.000 habitantes. Cómpre lembrar que a día de hoxe a Consellería xa comprometeu máis de 20 millóns de euros en axudas a 217 concellos que decidiron adaptar o seu planeamento.



A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE DUMBRÍA NA MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E A CONSTRUCIÓN DE MIRADOIROS NO ÉZARO

▪ *A CPTOPT vai investir 396.000 euros nesta actuación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Dumbría para acometer as obras de mellora da seguranza viaria e de construción de miradoiros e beirarrúas no lugar do Ézaro. A achega económica por parte da Consellería será de 396.000 de euros, tendo que asumir o Concello a execución, o mantemento e a conservación das obras e dos seus servizos.

As obras consisten fundamentalmente na construción de sendas peonís e beirarrúas que facilitarán unha reordenación de accesos para o tráfico rodado, instalación de barreiras de seguranza, miradoiros, aparcadoiros e servizos urbanos en dous tramos da estrada AC-550 ao seu paso polo Ézaro, unha zona de grande valor paisaxístico. Precisamente con esta actuación búscase que todos os usuarios –ben sexan condutores ou peóns- poidan transitar en axeitadas condicións de seguranza e, ao mesmo tempo, desfrutar dun contorno especial.

A Consellería de Política Territorial ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que proporcione aos seus usuarios unhas condicións de conducción cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguranza viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 1,56 MILLÓNS DE EUROS NO PROGRAMA DE CAPTACIÓN DE CIENTÍFICOS

▪ *A través desta convocatoria ofertaranse doce postos de traballo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autorizan compromisos de gasto de carácter plurianual por unha cantidade de 1,56 millóns de euros para a convocatoria de 2008 do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da actividade investigadora (Programa I3). A través desta convocatoria ofertaranse doce postos de traballo para os cales se realizará un gasto de 520.000 euros en cada unha das anualidades de período 2008-2010.

O Programa I3 é unha iniciativa do Ministerio de Educación e Ciencia, implementada en Galicia a través dun protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, para fomentar a incorporación estable dos investigadores cunha traxectoria destacada nas universidades, no Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e noutros organismos públicos de investigación e demais centros de I+D, de xeito que aumente tanto a cantidade como a calidade dos grupos de investigación.

O Programa I3 fomenta tanto a incorporación de científicos con experiencia ao sistema público de I+D+i, a captación ou a recuperación de investigadores españois ou estranxeiros de recoñecida experiencia en centros estatais e a incorporación de mozos investigadores con alto potencial investigador en grupos emerxentes e consolidados. Este programa súmase aos esforzos da Consellería de Innovación e Industria por completar a carreira investigadora e mellorar as condicións de traballo dos científicos galegos. O Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (INCITE) é un dos eixos centrais da política científica e tecnolóxica de Galicia.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 2,8 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA E DOS COLECTORES XERAIS DE BALDAIO, EN CARBALLO (A CORUÑA)

- ***A EDAR, cuxo prazo de execución é de 25 meses, ten capacidade para depurar as augas residuais de 2.000 habitantes equivalentes e dará servizo ás parroquias de Noicela, Rebordelos, Lema e Vilela***
- ***As obras inclúen ademais a instalación dunha rede de nove colectores e cinco estacións de bombeo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a investir 2.800.068 euros na dotación ao Concello de Carballo (A Coruña) dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) e de colectores xerais.

O investimento realizarase en tres anualidades. Así, neste ano destinaranse ás obras unha partida inicial de 280.007 euros, un segundo investimento de 2.482.100 euros en 2009, e, finalmente, completárase o orzamento previsto cunha partida de 37.961 euros en 2010.

As infraestruturas en materia hidráulica consistirán na construción dunha nova EDAR xunto ao río Rapadoiro con capacidade para depurar as augas residuais de 2.000 habitantes equivalentes, ademais dunha rede de nove colectores por gravidade que conecten coa estación para recoller e depurar as augas residuais das parroquias de Noicela, Rebordelos, Lema e Vilela e cinco estacións de bombeo para impulsar a auga. As obras teñen un prazo de execución estimado de 25 meses, dos cales un mes será para a redacción do proxecto, 12 meses de execución e outro ano de explotación.



A XUNTA DESTINA 200.000 EUROS PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA ESCOLA DE PESCA EN LUGO

- ***A Xunta farase cargo da adecuación do edificio mentres que o concello encargarse do acondicionamento dun estanque para realizar as prácticas formativas***
- ***A creación da escola pretende fomentar a pesca deportiva, xa que propicia o respecto polo río e o seu contorno***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Lugo polo que o departamento autonómico destinará 200.000 euros á posta en funcionamento dunha escola de pesca en Lugo.

O acordo estipula que para a creación da escola de pesca se adecuará un edificio situado na estrada do Ombreiro que sirva para o desenvolvemento de funcións de divulgación e de fomento da pesca deportiva, do cal se fará cargo a Consellería de Medio Ambiente. O Concello de Lugo, pola súa banda, encargarse de realizar as obras de acondicionamento dun estanque que sirva como escenario para as práctica formativas.

Entre os obxectivos que persegue a creación da escola está o de fomentar a pesca deportiva, xa que propicia o respecto polo río, os seus habitantes e o entorno natural, debido á escasa incorporación de novos pescadores.

O investimento aboarase en dúas anualidades de 100.000 euros entre o presente exercicio e 2009.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 800.000 EUROS NA ADECUACIÓN, SELAXE E CLAUSURA DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE BARALLA, CASTRO CALDELAS, BRIÓN, VIMIANZO E MONTEDERRAMO

- ***Os traballos de selaxe e clausura, que teñen un prazo de execución media de tres meses, implican a restauración do espazo natural***

O Consello da Xunta deu o visto e prace os acordos polos que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a investir un total de 852.642 euros no acondicionamento, selaxe e clausura dos vertedoiros de residuos sólidos urbanos (RSU) nos concellos de Baralla (Lugo), Castro Caldelas (Ourense), Brión (A Coruña), Vimianzo (A Coruña) e Montederramo (Ourense).

A incorporación progresiva dos concellos a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer accións pertinentes para a restauración dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros, como se levará a cabo no caso destes cinco concellos.

Concello de Baralla

O concello lugués de Baralla recibirá 242.660 euros para a selaxe do vertedoiro municipal. Un investimento que se dividirá en dúas anualidades, de xeito que no presente exercicio Baralla recibirá 60.665 euros e en 2009 un total de 181.995 euros.

O actual vertedoiro de Baralla atópase situado na parroquia de Pousada, nas proximidades da estrada comarcal Baralla-Láncara e do río Neira, polo que ten un considerable impacto ambiental na zona, xa que diminúe a calidade paisaxística e propicia a aparición de procesos contaminantes que afecten o solo e o río. Ademais, emite gases e malos olores e supón un risco de incendios forestais. Por todo isto é necesario proceder ao seu acondicionamento, selaxe e clausura e á posterior rexeneración do contorno natural, que pretende minimizar a contaminación producida pola descomposición dos residuos orgánicos.

Así, procederáse á construción dun muro de escolleira, ao movemento de residuos, á creación dunha cuberta de selaxe e drenaxes para pluviais e almacenamento de lixiviados. Do mesmo xeito, farase un sistema para a evacuación de gases, a revexetación do terreo e a rexeneración do firme do camiño que dá acceso ao vertedoiro. O prazo de execución para estes traballos é de catro meses.

Concello de Castro Caldelas

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 215.866 euros na clausura do vertedoiro de Castro Caldelas, que se dividirá en dúas partidas: 71.955 euros en 2008 e 143.911 no próximo ano.

No vertedoiro de Castro Caldelas, que está situado no lugar do Teso, incinéranse os residuos urbanos, o que levou a que a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



incoase ao concello dous expedientes en 2007 por xestionar de xeito irregular os residuos sólidos urbanos no vertedoiro, que se atopa detrás do campo de fútbol, e por empregar a incineración para destruílos.

As actuacións previstas consisten na execución do muro de escolleira, a conformación da masa de residuos mediante a compactación, reperfilación e recollida de volantes, o drenaxe de augas superficiais e lixiviados, a instalación dun sistema de desgasificación, dunha selaxe superficial, de evacuación de augas pluviais e a recuperación e adecuación paisaxística e o control ambiental. As obras teñen un prazo de execución de tres meses.

Concello de Brión

A selaxe do vertedoiro de RSU do concello de Brión recibirá un orzamento total de 157.720 euros, dos cales 78.860 se investirán no presente ano e outros 78.860 en 2009.

Os traballos previstos para a selaxe do vertedoiro, que se atopa na paraxe do Francés, na parroquia de San Fins de Brión, inclúen o drenaxe da auga subterránea e de pluviais, o movemento de residuos, a cuberta da selaxe, a evacuación de gases, o peche do vertedoiro, a adecuación do camiño de acceso e a revexetación do terreo. O prazo de execución previsto é de tres meses.

Concello de Vimianzo

A Consellería de Medio Ambiente destina 123.705 euros, en dúas partidas de 61.852 euros nos anos 2008 e 2009, para a adecuación, selaxe e clausura da vertedoiro de RSU do concello coruñés de Vimianzo.

O concello de Vimianzo recibiu un expediente por parte da Consellería de Medio Ambiente xa que no vertedoiro, situado na paraxe de Monte Cornado, se incineraban os residuos. Ademais, a Consellería de Medio Rural incoou tamén un expediente ao concello xa que o vertedoiro supoñía un risco para a propagación de incendios.

Así, procederase ao acondicionamento e selaxe da área da vertedura, ao control e extracción de gases, á recolla e control de lixiviados, da escorrentía superficial e, finalmente, á integración paisaxística do vertedoiro. O prazo de execución das obras é de tres meses.

Concello de Montederramo

A selaxe do vertedoiro situado no Concello de Montederramo recibe un investimento total de 112.691 euros, repartido en dúas anualidades de 56.345 euros entre este exercicio e 2009.

No vertedoiro, emprazado no lugar de Franqueira, na parroquia de Marrubio, levábase a cabo a combustión e a cubrición con terra dos residuos, o que daba lugar a problemas ambientais como malos olores, recirculación de lixiviados, presenza de insectos e roedores ou fumes pola combustión. Ademais, a carencia dun peche axeitado permitía que se producirasen verteduras incontroladas por parte de particulares.



Os traballos previstos consisten no movemento de residuos, o control do acceso, na selaxe superficial do vertedoiro, na realización de obras de drenaxe para augas pluviais e a recolla e control de lixiviados, así como o control de gases, a revexetación do terreo e a pavimentación do camiño de acceso. O prazo de execución das obras é de tres meses.



O GOBERNO GALEGO FINANCIARÁ CON 15,6 MILLÓNS DE EUROS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN INTERSECTORIAIS DIRIXIDAS A TRABALLADORES OCUPADOS

- ***A Xunta aprobou a orde pola que se convocan axudas para a posta en marcha de actividades formativas intersectoriais ata o ano 2009***
- ***Coa aprobación desta orde tamén se establece a posibilidade de solicitar o adianto de ata un 65% da subvención***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a programación de accións formativas intersectoriais dirixidas a traballadores ocupados para o ano 2008. Ademais, tamén se aprobou a concesión de anticipos de entre o 10 e o 65% das axudas destinadas ás accións para os traballadores ocupados, que contarán cun orzamento que ascende aos 15,6 millóns de euros. A decisión de conceder estes anticipos débese fundamentalmente a que na maioría dos casos as entidades que teñen que poñer en marcha as actividades non dispoñen de fondos iniciais.

A formación profesional para o emprego ten entre as súas finalidades proporcionarlles aos traballadores, especialmente aos ocupados, a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral. O obxectivo é que obteñan coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisan as empresas, para facelos máis competitivos no mercado de traballo.

Esta orde ten por obxectivo convocar subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais dirixidos, prioritariamente, a traballadores ocupados. Estes plans deberán ofrecer unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral que atenda aos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción empresarial dos traballadores.

Poderán subvencionarse os plans de formación intersectoriais integrados por accións formativas dirixidas á aprendizaxe de competencias transversais a varios sectores para a reciclaxe ou recualificación dos traballadores doutros sectores, os plans de formación dirixidos a traballadores e socios da economía social, e os plans de formación dirixidos a persoas traballadoras autónomas.

Nese senso, poderán ser beneficiarias da concesión destas subvencións para a implantación de plans de formación as organizacións empresarias e sindicais máis representativas na Comunidade Autónoma, as confederacións e federacións de cooperativas e sociedades laborais, así como as organizacións representativas de economía social. Tamén se consideran beneficiarias as asociacións representativas de traballadores autónomos de carácter intersectorial.



Por outro lado, terán prioridade na participación das distintas accións formativas as persoas maiores de 45 anos, traballadores con dificultades para o acceso á formación, e os propietarios e traballadores de microempresas. Tamén se priorizará a participación dos traballadores de Pemes, dos traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos e as mulleres afectadas pola violencia de xénero.

Accións formativas

Enténdese por acción formativa a dirixida á adquisición de competencias profesionais, teóricas e prácticas, estruturadas nunha unidade pedagóxica con obxectivos e contidos propios. Neste caso, as accións formativas non poderán ter unha duración inferior ás 10 horas nin superior ás 270. No referente ás modalidades de impartición poderán ser presenciais, de distancia convencional, teleformación ou mixtas. No caso das tres últimas, o sistema de impartición deberá incluír un método para comprobar que o alumnado recibe a formación impartida.

Marco legal

Tal e como se recolle no texto da orde, o II Plan galego de formación profesional defínese como un plan que concibe integralmente a política de cualificacións e da formación profesional. Este carácter integral implica seguir avanzando cara á constitución dun sistema de formación profesional integrado en Galicia e supón tamén considerar como beneficiario deste plan o conxunto da poboación activa.

Por outra banda, o Acordo galego de formación profesional continua asinado o 29 de marzo de 2004 entre a Xunta de Galicia e os axentes sociais máis representativos de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

Asemade, o Novo Marco de Relacións Laborais: Acordo polo Emprego recolle entre os seus obxectivos proporcionarlle aos traballadores a formación axeitada para a promoción persoal, para os requirimentos do mercado de traballo e para as necesidades das empresas, contribuíndo á mellora da produtividade e da competitividade destas.



A XUNTA REASIGNA AS ANUALIDADES DO INVESTIMENTO PREVISTO PARA AS ÁREAS DE REHABILITACIÓN DE 31 CONCELLOS, QUE ASCENDE A 14,5 MILLÓNS DE EUROS ATA 2010

- ***Asinaranse con estes concellos –nos cales hai declaradas 37 áreas de rehabilitación- addendas aos convenios asinados en 2005, 2006 e 2007***
- ***Evítase así que os concellos perdan axudas para rehabilitar 2.396 vivendas por non teren realizado o investimento previsto ata o de agora***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, unha reasignación de anualidades do investimento previsto para as áreas de rehabilitación de 31 concellos galegos, que ascende a un total de 14.482.217,80 euros ata o ano 2010. Nestes concellos hai declaradas 37 áreas de rehabilitación nas cales o obxectivo é recuperar 2.396 vivendas.

Con este reaxuste evítase que os concellos perdan as axudas á rehabilitación de acordo co estipulado nos convenios asinados en 2006, 2007 e 2008, por non teren realizado o investimento previsto en cada ano. A Consellería de Vivenda e Solo asinará unha addenda de ampliación con cada un deles para que poidan executar as obras de rehabilitación previstas e evitar que se perdan recursos.

A nova repartición de anualidades queda da seguinte maneira: 728.561 euros corresponden á anualidade de 2007, para 2008 outros 2.375.993,86, para 2009 son 6.012.224,16 euros e, por último, 5.365.438,78 euros son para a anualidade de 2010.

En Galicia hai na actualidade 42 áreas de rehabilitación, 18 áreas de rehabilitación integral (ARI) e 24 áreas de rehabilitación de centros históricos (ARCH), situadas en 33 concellos.

O Plan de vivenda 2005-2008 establece axudas á rehabilitación destinadas aos propietarios das vivendas integradas nas ARI de ata un 40% do orzamento protexible, ata un máximo de 9.000 euros. No caso das ARCH as axudas poden supor ata un 50% do orzamento protexible, por un importe máximo de 11.000 euros. Así mesmo, en ambos casos prevese a subvención de ata o 30% das obras de urbanización e reurbanización de prazas e rúas por parte da Consellería de Vivenda e Solo.



A XUNTA INVISTE 154.780 EUROS NAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DAS BEIRRÚAS E MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA ÁNIMAS NO NÚCLEO URBANO DE GONDOMAR

- ***O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello para levar a cabo esta actuación cun orzamento total de 193.475 euros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Gondomar para acometer obras de reurbanización das beirarrúas e mellora dos servizos urbanísticos da rúa das Ánimas no núcleo urbano da vila. O investimento total previsto para esta actuación ascende a 193.475 euros, dos cales 154.780 euros son achegados pola Consellería con cargo á anualidade 2008.

As actuacións previstas teñen por finalidade mellorar o contorno das vivendas protexidas situadas na rúa das Ánimas, remodelando as beirarrúas que na actualidade presentan desperfectos, e aproveitando as obras para completar os servizos urbanísticos da zona.

Nese sentido, as obras contempladas no convenio de colaboración consistirán fundamentalmente na renovación de todo o pavimento, a canalización da iluminación e instalación de farolas, colocación de arboredo colocado en covas, así como o pintura de aparcadoiros e pasos de peóns.

Esta actuación enmárcase nunha das liñas de actuación da Consellería de Vivenda e Solo que consiste no fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.